



# BOLETÍN OFICIAL DEL ESTADO

ANO CCCXLV • SÁBADO 1 DE XANEIRO DE 2005 • SUPLEMENTO NÚM. 1 EN LINGUA GALEGA

FASCÍCULO SEGUNDO

**21689** *REAL DECRETO LEI 10/2004, do 23 de decembro, polo que se amplía o prazo de adaptación das comisións de control dos plans de pensións de emprego. («BOE» 312, do 28-12-2005.)*

I

A Lei 8/1987, do 8 de xuño, de regulación dos plans e fondos de pensións, estableceu o requisito de maioría absoluta de representación dos participantes nas comisións de control dos plans de pensións fronte á representación do promotor.

A Lei 24/2001, do 27 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, introduciu unha serie de modificacións na Lei 8/1987, do 8 de xuño, que entraron en vigor o 1 de xaneiro de 2002. Cabe destacar a modificación do punto 3 do artigo 7, que estableceu, con carácter xeral, o sistema de representación paritaria do promotor ou promotores nas comisións de control dos plans de pensións de emprego, así como certos requisitos de concorrencia de votos favorables dunha ou outra das partes representadas na comisión de control para a adopción de acordos sobre determinadas materias, e concedeu unha habilitación expresa para o desenvolvemento regulamentario do réxime e condicións de representación.



MINISTERIO  
DE LA PRESIDENCIA

A citada Lei 24/2001, do 27 de decembro, estableceu o réxime transitorio de adaptación dos plans de pensións preexistentes o 1 de xaneiro de 2002, e concedeu un prazo, que finaliza o 31 de decembro de 2004, para a adaptación das comisións de control ao previsto no referido punto 3 do artigo 7, mediante acordo colectivo, transcorrido o cal, de non se ter adoptado o dito acordo, se aplicará directamente.

Os ditos preceptos intégranse actualmente no texto refundido da Lei de regulación dos plans e fondos de pensións, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2002, do 29 de novembro (artigo 7.3 e disposición transitoria segunda).

Cabe sinalar que o vixente regulamento de plans e fondos de pensións, aprobado polo Real decreto 304/2004, do 20 de febreiro, desenvolve no seu artigo 30 o dito artigo 7.3 do texto refundido da lei, e recolle con carácter xeral o sistema de paridade, habilitando a negociación colectiva para adoptar, mediante acordo expreso, unha composición distinta das comisións de control, mentres que, no seu artigo 32, desenvolve os requisitos para a adopción de acordos nas comisións de control.

En definitiva, o actual marco normativo exige acordos expresos de negociación colectiva para a determinación da composición, condicións de representación e maiorías para adoptar acordos nas comisións de control dos plans de emprego formalizados antes do 1 de xaneiro de 2002.

Por este real decreto lei, amplíase ata o 31 de decembro de 2005 o prazo transitorio de adaptación para as comisións de control dos plans de pensións do sistema de emprego existentes o 1 de xaneiro de 2002, establecido no antepenúltimo parágrafo da disposición transitoria segunda do texto refundido da Lei de regulación dos plans e fondos de pensións, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2002, do 29 de novembro.

## II

A extraordinaria e urxente necesidade desta medida xustifícase polo feito de que, de non estar aprobada antes do 1 de xaneiro de 2005 e na falta dun acordo de negociación colectiva, se aplicaría directamente, a partir da dita data, o criterio xeral de composición paritaria, situación que pode dar lugar ao conflito de intereses entre as partes que non puidesen impulsar a tempo os procesos de negociación colectiva para tal fin. O carácter automático do criterio xeral pode alterar o equilibrio alcanzado no seu día ao acordar o réxime de adopción de acordos, e ocasionar inseguridade xurídica a respecto das actuacións da comisión de control, con risco de bloqueo do funcionamento do órgano de control e supervisión do plan, o cal podería supor prexuízo aos intereses dos partícipes e beneficiarios.

En consecuencia, considérase de extraordinaria e urxente necesidade ampliar o prazo de adaptación das comisións de control ata o 31 de decembro de 2005, co fin de facilitar os procesos de negociación colectiva pendentes de culminar entre empresas e traballadores para a adaptación das comisións de control dos plans de pensións existentes o 1 de xaneiro de 2002, tendo en conta a necesidade de harmonizar os intereses implicados en tales procesos de negociación que afectan a determinación das condicións dos plans de pensións de emprego, e atendendo aos posibles prexuízos que a aplicación do automatismo da vixente norma puidese implicar.

Na súa virtude, en uso da autorización concedida no artigo 86 da Constitución, por proposta do vicepresidente segundo do Goberno e ministro de Eco-

nomía e Facenda e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 23 de decembro de 2004,

## DISPONGO:

*Artigo único. Ampliación do prazo transitorio de adaptación das comisións de control dos plans de pensións de emprego ao previsto no punto 3 do artigo 7 do texto refundido da Lei de regulación dos plans e fondos de pensións.*

Amplíase ata o 31 de decembro de 2005 o prazo establecido no antepenúltimo parágrafo da disposición transitoria segunda do texto refundido da Lei de regulación dos plans e fondos de pensións, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2002, do 29 de novembro, para a adaptación das comisións de control dos plans de pensións do sistema de emprego existentes o 1 de xaneiro de 2002 ao previsto no punto 3 do artigo 7 do dito texto refundido.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Este real decreto lei entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 23 de decembro de 2004.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,  
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO

**21690** *REAL DECRETO LEI 11/2004, do 23 de decembro, polo que se modifica, en materia de pensións públicas, a Lei de orzamentos xerais do Estado para o ano 2005. («BOE» 312, do 28-12-2004.)*

Unha das finalidades esenciais dos sistemas públicos de pensións é a de proporcionarlles aos pensionistas rendas que substitúan os ingresos deixados de percibir ao producirse a continxencia producida ou que compensen as carencias de ingresos ante as situacións de necesidade. Nunha ou outra modalidade, contributiva e non contributiva, da protección social, é indispensable a actualización periódica das pensións.

En España a revalorización anual das pensións produciuse sen interrupción desde hai máis de 15 anos, e o propio Congreso dos Deputados, dentro do denominado «Pacto de Toledo», aprobou unha recomendación, a undécima, sobre «Mantemento do poder adquisitivo das pensións» que garantía a aplicación deste criterio mediante a revalorización automática das pensións en función da evolución do índice de prezos de consumo (IPC).

En desenvolvemento de tal compromiso político, o artigo 48 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño, en redacción dada pola Lei 24/1997, do 15 de xullo, como o artigo 27 do texto refundido da Lei de clases pasivas do Estado, prevén que as pensións serán revalorizadas ao comezo de cada ano en función do IPC previsto, e concretan que se o IPC acumulado correspondente ao período comprendido entre novembro do exercicio anterior